

Resolución reitoral pola que se nomea á comisión de selección das “Becas Santander Equality” e se establecen os criterios de selección para o curso académico 2025/2026

O Banco Santander S.A. convocou bolsas para o curso 2025/2026 dentro do programa “Becas Santander Equality” que pretende ofrecer a mulleres con bo expediente académico e escasos recursos económicos a posibilidade de realizar o seus estudos de 2º curso de grao nunha universidade española.

Segundo establecen as bases do programa no seu punto “III. Sistema de convocatoria e selección”, a Universidade de Vigo seleccionará a unha estudante de entre as aspirantes que cumpran os requisitos establecidos .

Visto o anterior,

ESTA REITORÍA RESOLVE:

Primeiro.- Nomear a comisión de selección que será a encargada de valorar ás persoas solicitantes que cumpran os requisitos:

Presidencia: Natalia Caparrini Marín, vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade

Vogais: Rosa Graña Costas, xefa do Servizo de Axudas ao Estudo, Bolsas e Prezos Públicos

María Magdalena Domínguez Álvarez, xefa de Área de Bolsas

Segundo.- Poderá ser seleccionada a estudante que cumpra os seguintes requisitos:

- Estar matriculada no curso 2025/2026 nalguna das titulacións de grao da Universidade de Vigo no segundo curso.
- Ter concedida no curso 2024/2025 bolsa xeral do MEFP co importe de “*contía ligada a renda*” e ter solicitada bolsa para o curso 2025/2026.
- Ter unha nota media no curso 2024/2025 igual ou superior a **6 puntos** sobre 10.
- Non ter sido beneficiaria desta bolsa en edicións anteriores.

Terceiro.- Criterios de selección

Unha vez comprobados os requisitos das persoas solicitantes pola Sección de Axudas e Bolsas, a selección será efectuada pola comisión de selección de acordo co seguinte criterio:

- Nota media do curso 2024/2025, en caso de empate terá preferencia a estudante coa nota de acceso á universidade mais alta.

Unha vez que a comisión efectúe a selección, a Sección de Axudas e Bolsas publicará a **persoa seleccionada** nos termos establecidos na convocatoria, listaxe de **persoas que non compren os requisitos** e a **listaxe de agarda** para o caso de existiren renuncias.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte a súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa*.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte de se publicar a presente resolución, perante o mesmo



órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo mentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na *Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas*.

Vigo, na data da sinatura electrónica

O reitor

Por delegación RR 30/05/2024 (DOG 10/06/2024)

A vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade

Natalia Caparrini Marín

